



Ourense, a 18 de outubro de 2016

Queridas familias,

As actividades de servizo están presentes sempre na metodoloxía educativa scout. As e os scouts buscamos contribuír á mellora da comunidade na que vivimos e ao coidado do medio ambiente. Por iso, este sábado, da 22 de outubro, imos a realizar unha actividade de recollida de residuos coa organización **Amigos da Terra** e xunto con outros rapaces e rapazas de dous centros de ensino.

Dado o carácter especial da actividade, **imos ter que, excepcionalmente, adaptarnos ao horario de actividade**, así como o lugar de desenvolvemento das mesmas, continuando nos horarios e espazos habituais a partir do sábado seguinte. Os puntos de comezo e fin de actividade, así como os horarios, serán:

Comezo da actividade:

11:15 h. [Entrada do Parque de Montealegre](#) (coordenadas 42.334705, -7.847632).

Fin da actividade:

13:30 h. Entrada do Parque de Montealegre.

O horario de recollida será **diferente para os rapaces e rapazas de Tropa que acudirán, o 19 e 20 de novembro, ao Curso de Guías e Subguías** de ASDE-Scouts de Galicia, e con cuxas familias xa falamos con anterioridade do dito curso. Para eles, o horario de recollida será as 17:00 horas, e terán que traer o xantar, xa que aproveitaremos para preparar a actividade que terán que impartir durante o curso.

Para acudir á actividade, non esquezades que as rapazas e rapaces traian **chuvasqueiro e botas**, por se chovese, e o **polo do uniforme e pañola**, aqueles de vós que xa o teñades.

Para calquera cuestión, non dubidedes en contactar con nós a través deste e-mail ou por teléfono comigo no **617837222**. E, coma sempre, avisade por favor aos coordinadores/as de sección no caso de que non poidades acudir á actividade.

Moitas grazas e ata o sábado!

Miren Alonso